

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2014, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ordena a publicación da modificación dos criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2013, relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade.

A disposición derradeira segunda da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, prorroga para o 2014 as medidas recollidas na Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 44, do 2 de marzo), que establece no seu artigo 3.1.: «suspéndense para todo o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei a convocatoria, a concesión ou o aboamento de calquera axuda derivada do concepto de acción social, así como calquera outra que teña a mesma natureza ou finalidade, agás a axuda por persoa con discapacidade, que non poderá ser superior á contía de 180 euros mensuais por cada persoa, mentres estea en vigor esta lei».

En aplicación do dito precepto legal, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 17 de xullo de 2014, adoptou o acordo de aprobar a modificación dos criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2013.

O artigo 23 do Decreto 307/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda (DOG nº 106, do 2 de xuño), atribúe á Dirección Xeral da Función Pública a xestión do fondo de acción social.

Visto o texto do acordo e en cumprimento das competencias conferidas,

DISPOÑO:

Primeiro. Que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución a modificación dos criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2013 relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade.

Segundo. Contra este acordo do Consello da Xunta de Galicia, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous



meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Igualmente con carácter previo e postestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Consello da Xunta de Galicia, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

O 8 de maio de 2014, o Consello da Xunta de Galicia acordou aprobar os criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2013 relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade. Non obstante, en Santiago de Compostela, o 17 de xullo de 2014, oídos os representantes das organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-F, representadas na Mesa Xeral de Empregados Públicos, en virtude do establecido no artigo 38.7 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público en relación ao artigo 13.3 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia acorda aprobar a seguinte modificación dos criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2013 relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade:

Primeiro. O persoal funcionario ou laboral da Xunta de Galicia que, como consecuencia dunha modificación da relación de postos de traballo da correspondente consellería, pasou durante o ano 2013 a ocupar un posto nunha axencia pública autonómica ou na entidade pública empresarial Augas de Galicia, poderá presentar a súa solicitude de axuda para a atención de persoas con discapacidade con cargo ao Fondo de Acción Social do exercicio económico do ano 2013 relativo á atención de persoas con discapacidade.

Segundo. En consecuencia, o persoal afectado por esta modificación terá o prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao día de publicación no *Diario Oficial de Galicia* para cubrir na web as solicitudes e para presentalas ante as unidades de persoal unha vez impresas.



Non obstante, o persoal incluído nesta situación que xa presentou a súa solicitude non terá que facelo de novo.

As solicitudes conformadas, unidas ao resto da documentación, serán entregadas polas unidades de persoal aos/ás respectivos/as peticionarios/as no prazo dos 10 días hábiles seguintes ao remate do prazo anterior.

O prazo para presentar as solicitudes conformadas polas unidades de persoal rematará no prazo dos 10 días hábiles seguintes ao remate do prazo anterior.

CVE-DOG: zmm952i2-xjx3-uj61-y501-zi477gbpppz6

